

Inzado de poesía

Acabados de nacer



DORINDA CASTRO SOLIÑO

O día 1 de abril de 2002, día pintado de vento, sol e poalla, o xornalista Henrique Alvarellos comeza a escribir un diario íntimo sacudido por unha feliz noticia e sabedor de que a partir dese momento todo sería distinto: vai ser pai e pretende recoller nesas páxinas que comeza, a experiencia da espera e da paternidade. Agora, ese diario bota a andar convertido xa en xénero literario, en historia real, existencial e íntima, publicada pola Editorial Xerais co título *Diario dun pai acabado de nacer*.

Pero a vida ofrece moitas caras e a alma ten moitos cuartos así que, o que en principio ía ser a crónica dun tempo feliz, convértese, polo devir dos acontecementos, nunha reflexión sobre a existencia. A vida impón outros renglóns.

Henrique Alvarellos comparte connosco as súas emocións, preocupacións, alegrías, temblores, temores e feitos cotiáns extraordinarios vividos desde a nova da paternidade ata o 20 de agosto de 2006. En a penas cento

e nove páxinas medramos con ese neno ao que han chamar Pablo e, nun exercicio de emoción desbordante pero contida, celebramos a



súa chegada, o primeiro colo, riso, pregunta, medo e os seus primeiros trazos pois non en van el é o “ilustrador” do libro cos seus tenros debuxos.

Mentres, o escritor recibe a noticia da enfermidade do seu pai, Henrique Alvarellos Iglesias, que fundara polo 1977 a editorial que leva o seu apelido e que tras a súa morte, herda o seu fillo para continuar o labor cultural e galeguista. O texto convértese entón nunha reflexión

sobre o tempo, a dor, a existencia, a nostalxia e sobre todo, en homenaxe: como resistir, como sobrevivir, como facer o novelo

do futuro con fíos do pasado. As ferramentas ás que un pode agarrarse van desde a poesía, a música, os records, a imaxinación, as viaxes exteriores e interiores e a persistencia da memoria que nos trae historias emocionantes como a da vella máquina de escribir Contin, as terroríficas da Guerra Civil ou as da avoa Orosia, que tamén morre, levando consigo unha cultura.

Mentres, a vida escríbese tamén fóra da casa e sabemos de acontecementos que golpean as consciencias e que nos recordan, meu neno, que a vida é cousa de sorte e que a dignidade é futuro: a marea negra do Prestige, a guerra de Iraq, as bombas de Atocha. Pode un cargar coa dor do mundo toda?. “Porque a vida é unha traxedia, unha condenada, inxusta, infame e inaprazable traxedia. Só un parvo pode vivir medianamente ben”.

Velaquí pois, un libro inzado de poesía, escrito desde a máis tenra esperanza, a máis fermosa ilusión e a máis profunda dor.

ALVARELLOS, Henrique, Diario dun pai acabado de nacer, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 111 páxinas.